

Associação Internacional de Lusitanistas

Avanços em Ciências da Linguagem

(Eds.)

Petar Petrov

Pedro Quintino de Sousa

Roberto López-Iglésias Samartim

Elias J. Torres Feijó

AIL

ATR¹IVÉS
editora

Avanços em Ciências da Linguagem

1ª edição: Abril 2012

Petar Petrov, Pedro Quintino de Sousa, Roberto López-Iglésias
Samartim e Elias J. Torres Feijó (eds.)

Santiago de Compostela-Faro, 2012
Associação Internacional de Lusitanistas (AIL)
Através Editora

Nº de páginas: 532

Índice, páginas: 5-8

ISBN: 978-84-87305-65-8

Depósito legal: C 600-2012

CDU: 80 Linguística. Filologia
811.134.3 Português.

© 2012 Associação Internacional de Lusitanistas (AIL)

www.lusitanistasail.net

© 2012 Através Editora

www.atraves-editora.com

Diagramação e impressão:

Sacauntos Cooperativa Gráfica - www.sacauntos.com

Reservados todos os direitos de acordo com a legislação em vigor.

ÍNDICE

NOTA DO PRESIDENTE DA ASSOCIAÇÃO INTERNACIONAL DE LUSITANISTAS.....	9
NOTA EDITORIAL.....	11
REVISITANDO A <i>GRAMATIQUINHA</i> DE MÁRIO DE ANDRADE.....	13
Neusa Bastos	
MARCADORES DO DISCURSO COM FUNÇÃO CONJUNCIONAL FORMADOS PELO VERBO QUERER NA VERSÃO PORTUGUESA DA <i>VITA CHRISTI</i> (1495)...	27
José Barbosa Machado	
ESTUDO DA FONTE ENUNCIATIVA NA <i>GAZETA DE LISBOA</i> DE 1808.....	39
Janete dos Santos Bessa Neves	
DOIS TEXTOS PRECURSORES DOS ESTUDOS LINGÜÍSTICOS NO SÉCULO XIX.....	53
Ricardo Stavola Cavaliere	
A <i>PERSPECTIVA DO DESASTRE</i> : JOÃO PENHA E A QUESTÃO ORTOGRÁFICA (IMPLICAÇÕES EDITORIAIS).....	65
Elsa Pereira	
APRENDA BRINCANDO A NOVA ORTOGRAFIA: UMA PROPOSTA DE ENSINO PARA A ESCOLA BRASILEIRA	77
Kelly Priscilla Lóddo Cezar	
Edson Carlos Romualdo	
Geiva Carolina Calsa	
<i>DICCIONARIO BIBLIOGRAPHICO PORTUGUEZ</i> (1858-1958): CONTRIBUTOS E LIMITAÇÕES PARA A DISCIPLINA DA HISTORIOGRAFIA LINGÜÍSTICA PORTUGUESA.....	93
Rolf Kemmler	
UM OLHAR NO SÉCULO XIX- PROCESSO DE LUSITANIZAÇÃO SOBRE O PORTUGUÊS DO BRASIL.....	117
Verônica Lucy Coutinho Lage	
AS ESTRUTURAS PLEONÁSTICAS EN GALEGO NA LINGUA MEDIEVAL. O CASO DOS PRONOMES CLÍTICOS	133
Xosé Manuel Sánchez Rei	

MÉTODOS DE EXPRESSÃO NAS MENSAGENS ELETRÓNICAS EM PORTUGUÊS E EM POLACO.....	145
Edyta Jablonka	
O LUGAR DA AUTOTRADUÇÃO NO BILINGUISMO LUSO-CASTELHANO EM PORTUGAL.....	159
Xosé Manuel Dasilva	
PONTOS PARA UMA CARACTERIZAÇÃO DO PORTUGUÊS EM TIMOR-LESTE.....	177
Regina Helena Pires de Brito	
COMUNICAÇÃO DA CIÊNCIA EM PORTUGUÊS: POLÍTICAS LINGUÍSTICAS E OPÇÕES TERMINOLÓGICAS.....	199
Manuel Célio Conceição	
ASPECTOS SEMÂNTICO-DISCURSIVOS E INTERTEXTUAIS DA NEOLOGIA MIDIÁTICA.....	209
André Crim Valente	
O PREFIXO OPOSITIVO <i>ANTI-</i> EM UM <i>CORPUS</i> JORNALÍSTICO DO PORTUGUÊS BRASILEIRO CONTEMPORÂNEO.....	227
Ieda Maria Alves	
OTHON MOACYR GARCIA: LÉXICO E ANÁLISE ESTILÍSTICA.....	243
André Nemi Conforte	
LÉXICO PRECOCE NO PORTUGUÊS EUROPEU: UMA JANELA SOBRE A LÍNGUA E A CULTURA.....	255
Rosa M. Lima	
IMPORTAÇÃO E IMPLANTAÇÃO DE TERMINOLOGIAS DA ECOLOGIA EM LÍNGUA PORTUGUESA: ASPETOS TERMINOLÓGICOS.....	269
Rosa Maria Queirós Fréjaville	
MEMÓRIA REAL EM EMPRESAS E INSTITUIÇÕES PORTUGUESAS. UM ESTUDO ONOMÁSTICO.....	287
Rosa Lúcia Coimbra	
Lurdes de Castro Moutinho	
PARA COMPRENDER O JOGO ASPECTUAL (INTERACÇÃO ENTRE OS DIFERENTES CONSTITUINTES DO ENUNCIADO).....	311
Barbara Hlibowicka-Weglarz	

PISTAS DE CONTEXTUALIZAÇÃO EM NEGOCIAÇÕES DE CONTEXTO: UMA ANÁLISE LINGUÍSTICA NO CONTEXTO INTERACIONAL FÓRUM DE DISCUSSÃO	331
Gisella Meneguelli de Sousa	
O CONCEITO DE 'CASA' EM PORTUGUÊS EUROPEU.....	343
Zuzanna Bułat Silva	
POLIFONIA E HETEROGENEIDADE: UMA ABORDAGEM CRÍTICA.....	359
Lúcia Regina Barcelos Só	
AS DIVERSAS VOZES NA CONSTRUÇÃO DO <i>ETHOS</i> : O CASO DA IMPRENSA PRAIEIRA.....	373
Rose Mary Fraga	
SOBRE A PARTÍCULA CA NO CORPUS DA LÍRICA PROFANA GALEGO- -PORTUGUESA: INTEGRIDADE FORMAL VS. ELISIÓN.....	391
Manuel Ferreiro	
LOCUCIÓNS CONECTORAS CONSECUTIVAS DE CARÁCTER PARENTÉTICO NO GALEGO MODERNO E CONTEMPORÂNEO.....	411
Xosé Ramón Freixeiro Mato	
O ARQUIPÉLAGO DA MADEIRA NO PROJECTO AMPER. COMPARAÇÃO DE DADOS PROSÓDICOS DE DUAS INFORMANTES DO FUNCHAL (SANTA MARIA MAIOR E SÃO MARTINHO).....	429
Helena Rebelo	
VARIAÇÃO DA VOGAL [ɛ] EM DOIS DIALECTOS DO PORTUGUÊS EUROPEU.....	445
Luís Fernando Pinto Salema	
A FONOLOGIA DOS PRENOMES ESTRANGEIROS EM UMA ABORDAGEM HISTÓRICA: COMPARAÇÃO ENTRE PORTUGUÊS ARCAICO E PORTUGUÊS CONTEMPORÂNEO (BRASILEIRO E EUROPEU).....	457
Gladis Massini-Cagliari	
UM MODELO DE TRANSCRIÇÃO FONÉTICA PARA UM DICIONÁRIO.....	475
Luiz Carlos Cagliari	
ASPECTOS FONÉTICOS DO <S> NO PORTUGUÊS DE CORUMBÁ E LADÁRIO, MS/BRASIL: UMA ABORDAGEM SOCIOLINGUÍSTICA.....	491
Rosangela Villa da Silva	

DOCUMENTOS DO OURO: INVESTIGANDO O SISTEMA ORTOGRÁFICO DO SÉCULO XVII NO BRASIL.....	509
---	-----

Kelly Priscilla Lóddo Cezar

COMISSÃO CIENTÍFICA PARA O X CONGRESSO DA AIL.....	527
--	-----

AS ESTRUTURAS PLEONÁSTICAS EN GALEGO NA LINGUA MEDIEVAL.

O CASO DOS PRONOMES CLÍTICOS*

Xosé Manuel Sánchez Rei
Universidade da Coruña

1. Introducción

Os pronomes persoais singularízanse no marco das restantes unidades pronominais por se organizaren en dous inventarios, un tónico e outro átono. Do mesmo xeito, tamén se caracterizan por posuíren restos do sistema declinacional latino, o que non acontece nos demais elementos identificados como pronomes (referenciais precisos e referenciais imprecisos). No tocante ás unidades átonas, tamén chamadas “pronomes clíticos” ou simplemente “clíticos”, son morfemas que sofren o control do verbo e que dependen fonética e sintacticamente deste. Por tal motivo, circúndano, normalmente en posicións posnucleares (énclise) e, ás veces, debido a condicionantes de diversa índole (pragmáticos, morfosintáticos), en posicións prenucleares (próclise). As funcións que son capaces de desenvolveren son tan complexas como variadas e entre elas cómpre destacarmos as seguintes:

1. En ocasións, desempeñan responsabilidades sintácticas (CD, CI) no sentido de anaforizaren unha frase, cláusula

* O presente traballo insírese no marco do proxecto de investigación intitulado *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. I. Cantigas de amor e cantigas de amigo* (código FFI2009-08917) e dirixido na Universidade da Coruña polo Prof. Dr. Manuel Ferreiro. Agradezo os comentarios do Prof. Dr. Stephen Parkinson (Univ. Oxford) a unha primeira versión deste traballo.

ou mesmo un texto enteiro: *Comeu unha mazá en dous bocados* → *Comeuna en dous bocados*. É por isto que dentro dos mecanismos textuais de cohesión referencial ou gramatical, os clíticos, xuntamente co resto dos pronomes, viran unidades dunha relevancia certamente notábel, xa que axilizan poderosamente o ritmo discursivo do texto ao faceren con que non haxa que reiterar de modo cansativo certas unidades fráscas intra ou interclausais (*Comprou unha mazá, cociñou a mazá e partiu a mazá co coitelo* → *Comprou unha mazá, cociñouna e partiuna co coitelo*).

2. Sen saírmos do plano sintáctico, serven para marcaren a concordancia entre o verbo e os seus complementos nas estruturas pleonásticas e nas coñecidas estruturas de redobro de clítico consoante Matos & Duarte (1984) ou Cidrás Escáneo (1992), o cal redunda no seu carácter elementarmente morfemático a respecto do predicado verbal (*Telefonoume ao saír da facultade* / *A min telefonoume ao saír da facultade* / **A min telefonou ao saír da facultade*; *Entregou ao público un esquema da palestra* / *Entregoulle ao público un esquema da palestra*; *O raposo_[AX] comeu a galiña_[PAC]* / *A galiña_[PAC] comeuna o raposo_[AX]* / **A galiña_[PAC] comeu o raposo_[AX]*).

3. Xa no eixo pragmático-sintáctico, son capaces de marcaren a persoa que axe de receptora no acto ilocutivo, conforme acontece co chamado dativo de solidariedade (*O cinema está aí abaixo* → *O cinema estáchevos aí abaixo*). Igualmente, poden deixar entrever certa sorte de interese ou implicación emocional no desenvolvemento da predicación lingüística por parte do emisor, segundo se dá coas estruturas en que se acha o dativo de interese (*Este rapaz non estuda nada* → *Este rapaz non me estuda nada*). E tamén permiten, en ocasións, seren em-

pregados con contidos semánticos que sinalan matices de pose, en cuxo caso se fala normalmente do dativo posesivo (*Morreu a súa avoa* → *Morreulle a súa avoa*).

Ao nos centrarmos nas esferas sintácticas recollidas en (1) e en (2), no presente traballo pretendemos facer un achegamento contrastivo ás estruturas en que o clítico desenvolve responsabilidades de marcación de concordancia, en particular no contexto dun CI representado mediante unha FN (embora tamén se detecten para o CD, frecuentemente coa orde de elementos da cláusula alterados). Non se trata, por tanto, dun clítico con función sintáctica, mais cunha responsabilidade cohesiva no interior intraclausal, seguindo aquí o exposto en Cidrás Escáneo (1992) ou en Posner (1998: 215-216). Repárese, aliás, en que a presenza destas construcións con clíticos “asociados a uma posição argumental com realização lexical” (Matos & Duarte 1984: 481) incide no feito de os pronomes átonos teren unha responsabilidade sintáctica menos importante do que puiden parecer. Por este motivo, hai autores, conforme salienta Posner (1998: 216), que manteñen que os antigos clíticos están hoxe gramaticalizados como afixos verbais, non faltando romanistas, como continúa a sinalar esta autora, que se refiren a eles en termos de “conxugación obxectiva”. Esta singularidade non tería a súa importancia de non repararmos en que os actualmente coñecidos como morfemas de número e persoa (MNP) foron, nalgún tempo, pronomes que se aglutinaron ao predicado para marcaren xustamente un determinado tipo de concordancia en relación ao SUX. E esta, subsecuentemente, se ben é certo que é moito máis evidente no plano morfolóxico, non deixa de se manifestar a respecto do verbo e os complementos.

A situación no galego actual a respecto destas construcións pleonásticas, conforme expuxemos noutro traballo (Sánchez Rei 2009: 285-289), é complexa e pódense marcar diferentes comportamentos canto á necesidade desa duplicación. Así as cousas, contando coas tendencias que parecen verificarse actualmente e coa opción preferencial da maior parte das linguas románicas nas súas variedades cultas ou estandarizadas, en especial a portuguesa, poderíamos distinguir tres contex-

tos para clasificarmos cando deben ou poden aparecer as estruturas pleonásticas en condicións normais:

1. Presenza obrigatoria cos pronomes tónicos oblicuos con función de CD e de CI (*A nós viunos sempre traballando* / **A nós viu sempre traballando; Comentoulles a elas o filme?* / **Comentou a elas o filme?*; etc.).

2. Presenza obrigatoria cos pronomes referenciais precisos cuantificadores (*Escribiulles a todas un postal desde París* / **Escribiu a todas un postal desde París*; etc.).

3. Presenza optativa con FN lexicalmente realizadas (*Entregou os exames aos alumnos na hora sinalada* / *Entregoulles os exames aos alumnos na hora sinalada*; etc.). Neste sentido, de nos guiarmos pola documentación medieval, polos usos maioritarios do portugués moderno e pola constatación destas opcións no galego contemporáneo mesmo en rexistros populares¹, a opción preferencial, non prescritiva, talvez debería ser a ausencia do clítico agás en casos de alteración da linearidade sintáctica (*A mazá comeuna el*) e/ou de necesidade de desambiguación sintáctico-semántica (*A reitora saudouna a decana na súa facultade*).

¹ Repárese, neste sentido, nos seguintes versos provenientes do cancionero tradicional, en que se documenta esta hipótese de construción: *non debo carto a home / nin á muller d'esta terra* (CPG, I 50); *entreguéi o corazón / a quen non m'o merecía* (CPG, I 207); *non teño á quen dar as queixas / para dar o meu rapás* (CPG, III 20-21) *O secreto d'o teu peito / Non contes ó teu amigo* (LPG 67); *Vou dicir a miña nai / Que andan as vacas n-a chousa* (LPG 99); *Unha vella dixo a outra / Polo burato d'a porta* (LPG 195); etc. Sobre a documentación destas estruturas nos falares dialectais e populares galego-portugueses, véxase tamén Sánchez Rei (2006: 209-210; 2008: 261, 269, n. 15).

2. A situación da lingua medieval

Porén, esta aproximación para a lingua contemporánea acha na época medieval construcións que, nalgúns casos, hoxe serían practicamente imposíbeis, ao paso que noutras situacións coincidirían co uso actual. Aínda que ulteriores pesquisas serán quen de aprofundaren nalgúns das cuestións que se van desenvolver neste contributo, un dos criterios adoptados foi concedermos atención ás diferentes modalidades de textos conservados, como a prosa literaria e a notarial, embora unha notábel parte do exemplario parta da lírica a teor do marco do proxecto en que se desenvolve este traballo. A necesidade de traballarmos cun determinado tipo de verbos en que se puidesen atestar construcións con formas pronominais átonas obrigounos a concedermos preferencia a aqueles en que, á parte do SUX ou A₁, tamén se estruturaban cun CD ou A₂ e/ou cun CI ou A₃. Así pois, sintetizando os datos de que dispomos, pódense marcar os seguintes tipos de estruturacións para o caso de verbos bivalentes e trivalentes do tipo *dar*, *outorgar*, *matar*, *peitar* etc.:

HIPÓTESE 1. Dáse a presenza das formas clíticas cos pronomes tónicos oblicuos, os cales desenvolven, conforme corresponder, responsabilidades sintácticas de CD ou de CI: *A rem que mh-a mi mays valer / devya contra mha senhor* / *essa mi faz a mi peyor / serviç', é muy grande bem querer* (LP, I 115); *e ali me lançaron a min a falcatrua* (LP, I 124); *E quen vos a vós esto conselhou / mui bem sei [eu] ca vos conselhou mal* (LP, I 382); *E, se mi a mi guisar Nostro Senhor / aqueste preito, será mui gran ben* (LP, I 615); *e se mi a mi a abadessa der / madeira nova, esto lhi faria* (LP, II 88); *Mais que pouco que mi-a min val!* (LP, II 691); *Se m'el a min amase, muy gran dereyto faria* (LP, II 755); *et ja mays nõ au[er]emos bon tempo ata que lle a ela praza ende* (CT 286); *Et quando me estes estraños andan a mī tā sen arte, teño que moyto mays o deuedes vós facer* (CT 335); *ante lle darey ajuda cada que lle a el for mester* (CT 343); *Et segundo me a mī semella, tempo era de folgar algũus dias*

(CT 410); *ca se uos a vos vençer o nojoo ou doo que del ave-des, comelo ey eu todo* (MS 43); etc. Neste tipo de secuencias son especialmente recorrentes as estruturas con interpolación, conforme sinalamos noutro traballo (Sánchez Rei 1999: 114-115); na liña do exposto nese contibuto, son máis abondosos os casos en que a función sintáctica corresponde a un CI que a un CD².

HIPÓTESE 2. Non se detecta pleonasma e aparece o pronome tónico oblicuo sen o clítico, o que resulta ser unha posibilidade moito documentada, contrariamente ao que acontece na actualidade, en que é de regra o pronome átono; nestes casos, é a FN a que desenvolve a función sintáctica pertinente: *A min dan preç', e non é desaguisado* (LP, I 75); *nen voss'amor nunca foy meu, / e, poi'lo Deus a min non deu* (LP, I 77); *-Amiga, estad[e] ora calada / um pouco, e leixad'a min dizer* (LP, I 178); *Amor faz a min amar tal señor / mais fremosa de quantas og'eu sei* (LP, I 126); *outra viña de Janrozo que nos deramos a uos* Martin Perez en duas partes (HGP 48); *arrendamos a uos*, Loppo Rrodriguez de Caldelas, *caualeyro, por en uossos dias tan sola(m)ente a nossa grania de Queyrogaá* (HGP 50); *outorgo para senpre a uos* Loppo Pelaez, *canbeador, morador na rua da Moeda Uella et a uossa moller Costança Uasquez et a uossas uozes todolos herdamētos, casas, casares de herdades, casaes chantados, cō todas suas pertēças et dereyturas que a mī pertēçẽ* (HGP 57); *et se alguu for asy de mia parte como d'estraya que a uos queyra cōtrastar seya maldito et peyte a uos mill y CCC.^{os} soldos* (HGP 73-74); *nos donna Giomar Mendez, ona do moesteyro de Ramiráás, et óo conuento dese lugar afo-*

ramos a uos Johan Domingues, *morador nas Quintáás d'Eyres et a uossa moller Maria Lourença et a quatro uozes apus uos hũa outra que ssei uossas ssemellauiles, hũa leyra d'erdade* (HGP 163); *A uos Aras Perez e a uosa molier Maria Mēdiz. uēdemo* quanta herdade *auemos en Uerāde en todos seus terminos [...] asi como a nos auemos asi a uendemos a uos* que a *aiades uos et toda uosa uoz* (DGP 123); *vēdemo* essa herdade *a uos* e a *tuda uossa uoz* que á *ágades pur erdamentu sempre* (DGP 131); *uēdemulas á uos* cō *todas suas dereyturas por precio nomeado* (DGP 134); *eu Aldara Garçia outorgo a uos Ffernā Pedreç dito d'Arçeo caualeyro a doaço que a uos feço dona Sancha Eferndeç* (DGP 229); *dou a vos* Johā Perez *dito macho caualeuro en uoz et en nume de Don Stephano Fernandez en doaçon. entre uiuos. a meyadade de toda a erdade que ey en Sequeyros* (DGP 229); etc.

HIPÓTESE 3. Dáse a presenza do clítico con FN explicitada lexicalmente, aínda que se trata dunha construción con moita menos documentación que outras; enténdese normalmente que o pronome átono axe como unha marca de concordancia entre a FN e o tipo de complementación que o verbo exige: *queria traer o reino de Galiza, et o queria tirar a el re et darllo aos ingleses e normanos* (CI 73); *Deus dalle vida escarnida ao que sse deserda* cō *sua mão* (CT 249); etc.

HIPÓTESE 4. Non se detecta pleonasma e aparece a FN proxectada lexicalmente sen a concordancia do pronome clítico: *Deu ora el-Rei seus dinheiros / a Belpelho* (LP, I 87); *E ao demo vou encomendar / prez deste mundo e armas de lidar* (LP, I 145); e *diss'a ũa à outra*: – *Naci en grave dia, / e nunca casarei* (LP, I 148); – *Pos ydeuos et dizede a Calrros que me atēda* (MS 94); *Et quando o diserō a Ca-*

² Na lingua contemporánea voltan a ser estruturas documentadas, aínda que cunha frecuencia de atestación moito menor que na época medieval. Véxase, a este respecto, o sinalado en Sánchez Rei (1999: 133-135).

lrros, volueuse a França (MS 98); Item *aforã a Martin Ferdandez*, clerigo de Senorim, et quatro uoses as vinas (HGP 175); *diserõ ao ospede* que se quisesse ou podese que o levase aa igleia (MS 12); Et entonces el rei, et a raina et os infantes *deron* grandes dadivas et joias, *asi à santa séé e iglleja como aos bispos* (CI 61); Et fazendo a dita oraçon, *dava a proves* todo quanto podia por amor de Deus (CI 63); et tragia a pelle que ella *dera ao pobre* sacerdote por sua alma (CI 68); *tomou* hũa vaca *a hũa vella* viuba que tiina oito fillos que mantina con o leite daquela vaca (CI 64); Et *escripveu ao santo padre* [...]. Et o papa *escripveu a el rei* por suas leteras [...]. Et aquí poden veer fermosas leteras et de boa rectorica, que o papa *escripvia a el rei et à clerezia* do reino (CI 80-81); et despois de comer *declarou ao abbade* a causa da sua ida a Roma (CI 83); O dito obispo *encomendou* a garda da dita moêda de Santiago *a seus officiaes* (CI 89); *diseron ao bispoo* que se fose para sua pousada (CI 91); *disserõ a Vespasiano* como o fezerã enperador (MS 40); et *cõprou aos outros herdeiros* toda a sua parte (MS 59); et *matarõ* y o caualo *a Calrros* (MS 90); Si algũ omme assi da nossa parte como da uossa como da estranea cõtra esta carta de cõcanbiazõ quiser uíjr, sea maldito et quantu demãdar *peite* otro tanto *ááquel a que demãdar* (HGP 69); et quẽ contra ista carta uéer et nũ créer sega maldito et *pectet altera parte* C.^m soldos (HGP 71-72); et sse alguẽ uéer cõtra esta carta per britar *pecti áá parte du rei* .c. Morabitanos e *ao querelãte* .x. Morabitanos (DGP 114-115); em cujo lugar odeu Deus *a seu padre* Adam (GE 25); etc.

HIPÓTESE 5. O pronome tónico oblicuo aparece sen preposición e sen o reforzo do clítico a desenvolver funcións de CD ou de CI segundo corresponder, posibilidade hoxe totalmente agramatical: *Mha senhor, quen me vos guarda /*

guarda myn e faz pecado (LP, I 103); *leixade min* que vos quero ben (LP, I 105); Que mal *matei* os meus olhos e *min* / que non tornei a mia senhor veer (LP, I 326); E por esto que me disse, *cuydou / min a guarir*, que ia moiro (LP, II 711); Quand'eu perdi aquela que amar / *sabia mays que mim* nem outra rem (LP, II 761); deuedes uos *mĩ* amar bem et fielmente (HGP, 44); etc.

HIPÓTESE 6. Aparece unicamente o pronome clítico, en cuxo caso, do mesmo xeito que na actualidade, desenvolve unha verdadeira función sintáctica: *Pero a vejo, non lh'ouso dizer* / a mui gran coita que *me* faz aver (LP, II 699); *Ei eu tan gran medo de mia senhor / que nunca lh'ousou* nulha ren *dizer* (LP, II 703); O meu amigo, que *mi dizia* / que nunca mais migo viveria, / par Deus, donas, aquí é já (LP, II, 731); Ña ren vus juraria / e devede'-lo crer (LP, 704); Aynda de seu citolar / *vus direy* que quanto lh'oy [...]. / E eu que *lh'o consello dou* / que leix'est'a que sse filhou (LP, II 739); En esto, hũu seu criado et consello, a que dizian don Gonçalvo, *deronlle* poçoia como treedor (CI 67); E, meu amor, eu *vos venho rogar* / que non creades nen hũu dizedor (LP, II 763); Que o recebades mui ben, / filha, quand'ante vos veher, / e todo quanto *vus disser / outorgade-lh'o* (LP, II 765); Os bastardos partírossen de aquel lugar hu *lles* Éytor *auja mãdado* que estouessen (CT 340); Et alý fezeron grãde ardimento et *fezeronlles* muy grã dano (CT 351); Et leixarõ correr os caualos a ssy, et dérõsse tã grãdes feridas per çima dos escudos que tragiã que ja tã fortes nõ poderõ [...] seer que *lles* a fortaleza *podesse prestar* (CT 371); Et esta estoria que oydes, *vos cõtamos* aquí segundo cõta o liuro do Flors Sanctorum onde foy sacado de latĩ en rromãço (MS 58); Et o ospede quanto esto entẽder, yra aa rayna et *diralle* en

como trajedes a cabeza de Santiago (MS 65); et *doulles campanas moito boas, et libros, et ornamentos* (CI 87); etc.

En síntese, pode apreciarse como as exixencias do clítico como elemento de concordancia cos complementos do verbo mudaron notabelmente, nomeadamente no caso das construcións de (3), que, ao contrario da época medieval, contan no galego contemporáneo cunha grande presenza, e das de (2), que hoxe o uso do pronome átono é de regra. Convén sinalarmos aquí que na variedade lusitana do dominio lingüístico galego-portugués, as atestacións equivalentes ás de (3) son consideradas presentemente estruturas populares ou dialectais, detectadas en rexistros coloquiais, locais ou en textos de procedencia tradicional-popular. O seguinte cadro resume de forma esquemática a situación da lingua medieval e a da contemporánea:

Construción	Idade Media	Época actual
1	+	+
2	+	-
3	(+)	+
4	+	(+)
5	+	-
6	+	+

3. Conclusións

Como se pode verificar ao compararmos a situación da Idade Media coa actualidade, houbo modificacións substanciais nas estruturas con redobro de clíticos. En primeiro lugar, o percurso diacrónico favoreceu unha redución no número de posibilidades de construcións cos pronomes átonos. En segundo lugar, tamén se constata o mantemento a través do tempo doutras hipóteses de estruturación. E en terceiro lugar, unha posibilidade na altura pouco representada (3) puido secundarizar o seu carácter de marxinalidade e pasar, nos nosos días, a gozar dunha grande

presenza de aparecemento, ao paso que outra disposición (4) sufriu o proceso inverso, pois de se detectar con normalidade nos textos medievais evoluiu para un uso menos frecuente, aínda que lexítimo.

Por último, no referente ao tipo de textos, un primeiro achegamento dá conta de como as tales estruturas se achan en calquera xénero dos conservados, isto é, prosa, lírica ou documentos notariais. Isto non obsta para que certos predicados verbais, como *aforar*, *arrendar*, *comprar*, *outorgar*, *peitar* ou *vender* pertencen ao léxico máis específico da linguaxe xurídico-administrativa e, subsecuentemente, que as estruturas en que se fan acompañar de clíticos sexan tamén máis comúns nesa tipoloxía de textos que en obras literarias.

Textos literarios citados

CI = Souto Cabo, J. A. (ed.) (2001): Rui Vasques, *Crónica de Santa María de Íria* (Santiago de Compostela & Sada-A Coruña: Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago & Edicións do Castro).

CPG = Pérez Pallesteros, J. (ed.) (1979) [reproducción facsimilada da edición de 1885-1886]: *Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas*. Tomos VII, IX, XI: *Cancionero Popular Gallego*. 3 vols. (Madrid: Akal).

CT = Lorenzo, R. (ed.) (1985): *Crónica Troiana* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

DGP = Souto Cabo, J. A. (ed.) (2008): *Documentos Galego-Portugueses dos Séculos XII e XIII* (A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa & Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña).

GE = Martínez-López, R. (ed.) (1963): *General Estoria*. Versión galega del siglo XIV. Ms. O. I. I. del Escorial (Oviedo: Universidade de Oviedo).

HGP = Maia, C. de Azevedo (ed.) (1997) [1986]: *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI (Com Referência à Situação do Galego Moderno)* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian & Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica).

LP = Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais con estudio biográfico, análise*

- retórica e bibliografía específica*. 2 vols. (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións lingüísticas e literarias "Ramón Piñeiro" & Xunta de Galicia).
- LPG = Saco Cid, J. L. (ed.) (1987) [1910-1924]: *Literatura Popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Recogidos por D. Juan Antonio Saco y Arce (Ourense: Deputación Provincial de Ourense).
- MS = Pensado, J. L. (ed.) (1958): *Miragres de Santiago*. Anejo LXVIII da *Revista de Filología Española* (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- RT = Fontes, M. da Costa (ed.) (1987): *Romanceiro da Província de Trás-os-Montes (Distrito de Bragança)*. Coligido com a Colaboração de Maria-João Câmara Fontes. 2 vols. (Coimbra: Universidade de Coimbra).

Referencias bibliográficas

- CIDRÁS ESCÁNEO, F. A. (1992): "Sobre a función da concordancia. Consideracións a propósito das concordancias verbais anómalas", *Verba* 19, 41-53.
- MATOS, G. & DUARTE, I. SILVA (1984): "Clíticos e sujeito nulo no português: contribuições para uma teoria de *pro*", *Boletim de Filologia* 29, 479-538.
- POSNER, R. (1998): *Las lenguas romances* (Madrid: Cátedra).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (1999): *Se o vós por ben tiverdes. A interpolación pronominal en galego* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2006): *A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros* (Ames: Laiovento).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2008): "O português popular europeu dos séculos XVI-XIX e a sua importância para o estudo do Galego Médio", *Revue Romane* 43/2, 248-272.
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2009): "Para unha sintaxe do galego", en Rei-Doval, G. (ed.), *A lingüística galega desde alén mar*: 273-292 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).